

BELÉN DE BEGONTE

Queridos amigos:

Permítanme en primeiro lugar manifesta-lo máis sincero agradecemento por terme concedido esta honra de inaugurar este Belén de Begonte, obra sen igual no nadal galego.

Estamos aquí para celebrar, un ano máis, un acontecemento que ten extraordinaria relevancia non só nas terras de Begonte, senón tamén en toda Galicia. Vai para trinta anos que o reverendo don Xosé Domínguez Guizán animou ós seus fregueses a realizar esta obra que serve de mostra das fondas crenzas relixiosas de toda a parroquia. Naceu así o Belén de Begonte. Desde aquela, ano tras ano, un grupo de xente con extraordinario celo venlle dedicando un sen fin de horas e días a esta obra que é admiración de cantos a visitan.

Aínda que brevemente, gustaríame facer referencia ó Belén e o Nadal dende tres perspectivas diferentes:

- Belén bíblico ou Belén cristián.
- O Nadal na cultura tradicional galega.
- O Belén de Begonte.

Belén bíblico ou Belén cristián.

Na Biblia fálase de Belén no Xénese, a propósito do enterramento de Raquel, esposa de Xacobo, pero, sobre todo no libro de Rut.

Nos textos máis antigos do Antigo Testamento está relacionada esta poboación co culto. É posible que fose mesmo un santuario no camiño das peregrinacións. Tamén se destaca o seu valor estratéxico. De feito, foi fortificada, non pola súa grandeza, senón pola súa posición estratéxica, dotándoa de armamento.

Pero a verdadeira sona de Belén provén de se-lo berce de David. O libro de Rut está totalmente consagrado a describi-la ascendencia deste grande Rei. O propio David escolle os seus mellores colaboradores entre os belenistas.

O profeta Miqueas fala de Belén no seu canto ó Mesías. Destaca que, a pesares de se-la menor das poboacións de Xudea, terá moita gloria, porque dela

nacerá o que vai rexi-lo pobo. En tempos de Cristo todos esperaban o nacemento do Mesías nesta cidade.

Os evanxeos de Mateo e Lucas describen o nacemento e sitúano en Belén. Non falan da cova, pero disto temos testemuñas antigas: San Xustiño, Orixines e mailo protoevanxeo de Santiago. Case seguro que a devandita cova era unha parte da casa, unha corte, unha adega ou un sinxelo pendello.

Pero isto con ser interesante, non é o máis importante, o realmente transcendente é coñecer por qué Xesús quixo nacer neste lugar e desta maneira.

Este xeito de nacemento obedece a lei da encarnación: Se Deus viña a salva-los marxinados, os parados, os enfermos, os pobres e miserentos, os que sofren, os que padecen fame, os que son desprezados, os que neste nadal non teñen casa que os acolla; se todos eran obxecto do seu amor, para todos se presenta dende o barrelo asumindo a humanidade da maneira máis sinxela. É o xeito radical de amosa-la pobreza de Deus para que desde dentro poida liberar, aliviar e transformar as nosas debilidades e fraquezas.

Temos, polo tanto, que para os cristiáns, Belén é un lugar histórico e é un lugar teolóxico.

O Nadal na cultura tradicional galega.

Galicia desenvólvese ata ven entrado este século XX nunha sociedade "tradicional". A familia é a unidade primaria de produción e reprodución nun marco de relacións sociais dentro da aldea e a parroquia. A súa cultura, entendida como o conxunto de coñecementos, crenzas e costumes, é, xeralmente, o resultado da asimilación de concepcións procedentes dos grandes sistemas relixiosos e políticos que a través do paso do tempo van callando sobre ela.

Aínda que nos últimos decenios se produciu un vertixinoso cambio na sociedade galega que transformou a maneira de vivir dos nosos máis achegados antepasados, sen dúbida, moitas das crenzas e costumes de entón sobreviven na nosa memoria, é o caso das festas.

Os grandes sistemas relixiosos estableceron o seu calendario, designando días para a alegría e a festa e días para a tristura. Na nosa Galicia a Igrexa Católica dende hai case dous milenios foi fixando os días para a conmemoración relixiosa nos que é obrigado o descanso. As semellanzas e coincidencias entre as

festividades relixiosas e as da antigüidade pagá, hainas que interpretar non como supervivencias de culturas anteriores senón como elementos que se integraron, renaceron ou mesmo apareceron espontaneamente dentro da cristiandade.

Dende un punto de vista cristián, o ciclo de Nadal vai dende a Natividade (25 de decembro) ata a Epifanía (6 de xaneiro). Ademais das devanditas datas, o ciclo ten outras dúas festividades importantes: Inocentes (28 de decembro) e Aninovo.

O Nadal

O nadal celébrase a partir do ano 354. A Igrexa opuxo a festa cristiá da Natividade á do Sol invictus. A reconversión da festa non presentou grandes problemas, pois os Evanxeos din que Cristo é a Luz. O día do solsticio do inverno, ás doce da noite do 24 de decembro é o momento máis escuro do ano, a partir de aí empeza a nace-la luz e a medra-los días; É o momento do nacemento de Xesús. Como di San Agostiño, a luz que nace entre as tebras serve de símbolo a Cristo, que trae a luz ó mundo. De acordo coa simboloxía do mal, ese momento de máxima escuridade é o momento máis maléfico. Cristo vence á escuridade e ó mal e esa noite convértese na Noiteboa.

Na Noiteboa fracasan feitizos e embruxamentos; reverdecen as herbas coma a malva, recollidas no San Xoán, fermosa imaxe dun Cristo que é Vida.

A luz está presente na mente das xentes, así nalgúns lugares na noite do 24 renóvase o lume da lareira, límpase a borralla e acenden un cepo grande, o tizón de nadal. Despois de arder unha miguiña, apágase e consérvase para acender en caso de perigo, por exemplo contra raios e tormentas; o fume sagrado que produce chega ás nubes e escorrenta as tronadas.

A misa desa noite recibe o nome de misa do galo. O galo, que canta ó amencer anuncia a LUZ do mundo que vai nacer.

Na Noiteboa celébrase a constitución da Sagrada Familia, por iso ese día cean xuntos tódolos membros da familia, pais e fillos, os da casa e os de fóra, inevitable é lembrarse dos mortos, porque os mortos seguen a ser da casa, nalgúns lugares marcan a súa ausencia (ou presenza) deixando un sitio na mesa co correspondente prato, noutros non recollen a mesa por se as ánimas veñen comer.

Os pratos típicos da cea de noiteboa non contiñan carne porque antano nas

vésperas das festas gardaban abstinencia, por iso son pratos comúns a coliflor, grelos, verzas ou repolo con bacallao. Dende que a abstinencia non é obrigada, incorpóranse á cea os capóns, lacón con grelos, empanada de zorza e outras carnes. Os doces tradicionais son papas de arroz, sopas borrachas, torradas, compotas, froitos secos, castañas cocidas ou asadas, bica manteigada, amendoados, torta de fariña etc. Como licores bebían viño con mel, augardente, licor café e queimada; uns e outros segundo costumes dos distintos lugares.

Nalgúns sitios os mozos visitan as casas cantando panxoliñas. Se lles regalan algo, os mozos agradéceno; no caso contrario cantan versos coma este:

Cantamos e recantamos
E volvemos a cantar;
Estas cascas de farelos
Non tiveron qué nos dar.

Cos chourizos, ovos, castañas, queixo, e viño dos agasallos facían ó día seguinte unha boa comida na que se fortalecían as relacións veciñais.

Os santos inocentes

O 28 de decembro conmemórase a matanza decretada por Herodes. Nas nosas aldeas aínda hoxe se fan burlas e enganos recordando ós inocentes. A imaxinación dos nosos paisanos non tiña límites; hai quen se metía no galiñeiro dun veciño e lles quita as plumas ás galiñas para que o propietario pense que entrou o raposo; quen deixa paquetes baleiros nos camiños como esquecidos; danse recados que obrigan ó inocente a unha camiñada. A inocencia é ben vista, pero non debemos confundi-lo inocente co inocentón. Nas bromas hai unha corrente de simpatía para o inocente e de carga de burla para o inocentón.

O Aninovo

A Noite Vella, previa ó comezo dun novo ano é unha noite propicia para o ataque das forzas do Mal. En moitos lugares o ano vello, representado por un boneco, é queimado. Mentres o boneco arde os mozos cantan e danzan arredor do lume. Ó apagarse a fogueira, os mozos xuntan a cinza e tíranlle pedras; o que primeiro lle dá será o primeiro en casar.

O boneco queimado simboliza o ano vello que se acaba. Refórzase así a concepción cíclica do tempo, con períodos que nacen, morren e volven a nacer.

O fume das fogueiras é unha das moitas defensas contra a bruxería: o fume que espanta ós animais e as persoas, fará fuxi-las meigas.

Os Reis

Comezouse a festexa-la adoración dos magos no século IV. Personifican as tres partes do mundo coñecido na Idade Media, Europa, Asia e África, por iso un, Baltasar, é de raza negra. Adorando a Cristo recoñecían a submisión do poder terreal ó poder divino. Ofreceron ouro como símbolo da realeza de Xesús, incenso pola súa divindade e mirra (utilizada para embalsamar) como símbolo da súa natureza humana e mortal.

En lembranza desas ofrendas os nenos reciben agasallos. Nas aldeas é frecuente que deixen herba ou millo para os camelos. Recentemente nas cidades as cabalgatas de Reis manteñen esta festa viva enchendo de regalos ós nosos pequenos, pero teño que recordarlles a tódolos nenos que se non se portan ben o Rei negro deixaralles carbóns.

As Panxoliñas de reis séguense cantando, aínda que xa non con aquela forza que levaba os mozos a ir polas casas de aldea en aldea. Como na Noiteboa, ó día seguinte cos aguinaldos que recibían nas casas facíase unha comida de confraternidade.

O Belén de Begonte

Dixemos ó principio que, dende un punto de vista cristián, Belén é un lugar histórico e un lugar teolóxico, pero ¿que é o Belén de Begonte? Dende un punto de vista docente, ó que non pode escapar o que lles fala, o Belén de Begonte é un lugar pedagóxico.

Ano a ano vanse incrementando, enriquecendo e perfeccionando as figuras e a súa mobilidade. Gracias a modernas tecnoloxías a tradición que se remonta ós séculos pasados de representa-lo nacemento de Cristo faise máis expresiva, máis plástica, con maior intensidade na mensaxe. Hoxe aquí únense as antigas tradicións coas modernas tecnoloxías nun crisol que ha servi-las mesmas ideas e o mesmo espírito dos primeiros monxes franciscanos que iniciaron ás xentes en facer estas representacións aló na Italia medieval.

Ó Belén de Begonte, chegan grandes e pequenos, uns a recordar e outros a aprender que en Belén naceu Xesús cando os seus pais ían de camiño para inscribirse no censo. En Belén recibiu as primeiras manifestacións de cariño das xentes sinxelas daquelas terras. A hospitalidade, que nun primeiro momento parece negárselles, é compensada coa sincera adoración das xentes humildes do campo.

Están representados neste "belén" os oficios tradicionais. As escenas que vemos son a nosa vida diaria, a desta terra rural, a de sempre, a do traballo necesario para saír adiante día a día, esperanzados nun mañá mellor para todos. Atopamos un pastor co rabaño, alguén que corta leña, outro que saca auga do pozo, a señora que leva un cesto na cabeza, o muiñeiro, o ferreiro, o pescador; o boi e a mula, animais, que recoñecendo a Cristo, obraron máis intelixentemente que os xudeus que non querían comprender; montes, ríos, fontes, camiños que serven de canle de comunicación e por onde viaxan non soamente as mercadorías senón tamén as ideas.

Estamos, pois vendo, a nosa historia. Nada do que aquí acontece nos é alleo. A intrahistoria diaria de todos nós, a xente que vive e ama estas terras e que traballa por un futuro mellor para si e para os seus.

Tamén están presentes os poderes mundanos. Herodes, rei de Xudea, chamado O Grande, que non logrou entende-la mensaxe dos magos que viñan de Oriente e pensou que o seu poder podía minguar co nacemento dun Novo Rei.

No belén de Begonte está o espírito do Nadal e nel os sentimentos de paz, de concordia, de tolerancia, de coñecemento e comprensión doutras xentes e culturas. Está a boa nova que noutrora trouxo un xeito novo de vivir, unha concepción transcendente do home e do seu destino, pero, sobre todo, no belén, no Nadal está a máis grande historia de amor.

En definitiva, desta obra extraemos unha verdadeira lección para vida, pero non menos podemos aprender das persoas que a fan posible. Por iso, unha vez máis temos que dicir que o belén de Begonte é un lugar pedagóxico, é unha lección de xenerosidade e colaboración na que moitas persoas entregan o seu saber, o seu tempo, o seu traballo e, sobre todo, o seu corazón, porque só do corazón se pode sacar esta fermosa representación do nacemento de Xesús.

Estou seguro que esta sementeira que constitúe o voso traballo e o voso exemplo dará os seus froitos. Os rapaces de hoxe (homes do mañá) han recolle-lo voso testemuño e tomarán o relevo que permitirá que todo canto representa o belén de Begonte sexa transmitido ó longo dos tempos.

Para rematar permitídemme recordar que estes días curtos de luz solar hanse de ver agrandados pola Luz do Nadal, que entrará no interior das persoas para que o amor que levou a Deus a facerse home entre os homes, faga que todos saibamos irradiar este amor cos nosos semellantes, especialmente cos que máis o necesitan. Aquí e agora fago votos para que así sexa, e para sempre.

Bo Nadal. Felices Festas, e, Moitas gracias.